



RECOMENDACIÓNS REFERENTES AO DESENVOLVEMENTO PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN VIVENDAS DE APOIO PARA PACIENTES ESTABILIZADOS NAS UNIDADES ASISTENCIAIS CON ESPECIALIZACIÓN EN DROGODEPENDENCIAS FINANCIADOS POLA CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA A PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DO COVID-19.

VERSIÓN 9 DE FEBREIRO DE 2021

Ligazón: <https://coronavirus.sergas.es/Contidos/Saúde-Mental-e-Adicións>

Dentro do contexto epidemiolóxico, sanitario e de saúde pública actual, o desenvolvemento de programas de incorporación social en vivendas de apoio para pacientes estabilizados nas Unidades Asistenciais para persoas con trastornos aditivos deberán levarse a cabo, tendo en conta o previsto no Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. ante o COVID 19, e na ORDE do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tal e como o Decreto 8/2021 establece, estas medidas terán efecto entre as 00.00 horas do día 27 de xaneiro de 2021 e as 00.00 horas do día 17 de febreiro de 2021. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas serán obxecto de seguimento e de avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.





En relación aos programas de incorporación social en vivendas de apoio:

1. MEDIDAS XERAIS

Con carácter xeral, rexeranse polo PROTOCOLO CONXUNTO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE E DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA O MANEXO DA CRISE SANITARIA PROVOCADA POLO VIRUS SARS-COV-2 NAS RESIDENCIAS DE MAIORES E NOUTROS CENTROS SOCIOSANITARIOS¹.

¹ https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/programas/20201012_protocolo_conxunto_consellerias_residencias_covid_v9.pdf

2. MEDIDAS ESPECÍFICAS

- Ingresos:

Os ingresos nos centros serán sempre coordinados co dispositivo asistencial de referencia da rede de atención a Drogodependencias, previa realización de PCR nas 48 horas previas, segundo recolle o protocolo para centros sociosanitarios.

- Saídas:

O réxime de saídas das persoas residentes en pisos de apoio será o establecido no nomeado Decreto 8/2021 e resultarán de aplicación as restricións e medidas relativas á cidadanía xeral, recordándose a obriga de limitar as saídas fora do centro residencial, agás aquelas que revistan un carácter estritamente necesario, tales como as motivadas por unha situación de saúde e a atención a deberes inescusables, así como ter en conta as recomendacións das autoridades sanitarias en canto ao toque de queda, horarios, nº de persoas (2 no caso de non conviventes), e de-





mais medidas de prevención. A permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados queda condicionada aos constitutivos exclusivamente por persoas conviventes.

Cómpre prestar especial atención e apoio ás persoas usuarias na xestión emocional na situación actual de amplas restricións, dado a duración das mesmas, o que se pode traducir nun aumento da presión psicolóxica e do risco de recaídas. É preciso incidir na axeitada supervisión destes aspectos, ó tempo que na realización das xestións e derivacións oportunas, no seu caso, minimizando o risco de propagación do SARS-COV-2 no centro.

- Permisos:
 - ✓ Con respecto ás saídas de fin de semana ó domicilio familiar de orixe, quedan suspendidas de forma temporal, o que é preciso aclarar ás persoas de nova incorporación ó dispositivo, mentres non mellore a situación epidemiolóxica e así sexa constatado pola correspondente actualización da normativa.
 - ✓ Quedan suspendidos os permisos de fin de semana .

- Visitas:
 - ✓ Manteranse respondendo as especificacións contidas na *Resolución do 17 de setembro de 2020, conxunta da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social , pola que se aproban as medidas específicas deberán adoptarse nos centros residenciais sociosanitarios en relación co réxime de visitas, saídas e outros aspectos organizativos, e as medidas para específicas para os centros de atención diúrna, no contexto da situación epidemiolóxica ocasionada polo virus SARS-CoV-2, como está recollido no Anexo IV, en función do*



nivel de risco epidemiolóxico no Concello de referencia (neste intre o nivel de risco máximo en toda Galicia).

- ✓ As visitas quedan limitadas a unha persoa de referencia, unha vez á semana, durante 60 min. O equipo asistencial valorará a pertinencia e necesidade en función da evolución e necesidades clínicas de cada residente.

